

NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN VOLEIBOL Temporada 2025-2026

1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

As Normas Xerais regulan os apartados comúns que se aplicarán a todas as competicións oficiais de ámbito autonómico.

2.- CATEGORÍAS E IDADES

No ámbito de actuación da FGVb, as categorías e idades para as competicións de clubs serán:

PREBENXAMÍN	nados nos anos 2018 e 2019
BENXAMÍN	nados nos anos 2016 e 2017
ALEVIN	nados nos anos 2014 e 2015
INFANTIL	nados nos anos 2012 e 2013
CADETE	nados nos anos 2010 e 2011
XUVENIL	nados nos anos 2008 e 2009
JÚNIOR	nados nos anos 2006 e 2007
SENIOR	nados no ano 2005 e anteriores

3.- AFILIACIÓN DE CLUBS NA FGVb

- 3.1.-** Para que un club poida participar en competicións autonómicas deberá estar afiliado na FGVb segundo se establece na normativa vixente.
- 3.2.-** Cando un club modifique os datos da Ficha de Club ou os que figuran no Boletín de Inscripción para a competición dalgún dos seus equipos deberá comunicalo por escrito á FGVb e achegar unha nova ficha e/ou boletín cos datos actualizados. En caso contrario non se terá en consideración ningunha modificación.

4.- INSCRICIÓN DE EQUIPOS

4.1.- INSCRICIÓN EN COMPETICIÓN AUTONÓMICAS

4.1.1.- Un club con dereito a participar nunha competición autonómica deberá cumprir os requisitos establecidos nos Regulamentos da FGVb, nas Normas Xerais e Específicas da competición, así como remitir á FGVb en tempo e forma aquela documentación que se requira nas ditas normativas.

4.1.2.- De acordo co artigo 16 do Regulamento Xeral da FGVb os equipos poderán renunciar a xogar nalgunha competición na cal tiveran dereito a participar. Esta renuncia efectuarase por escrito, co selo e sinatura do Presidente do club ao que pertenza o equipo e dentro do prazo

establecido para cada competición. En caso de non renunciar en prazo, será de aplicación a normativa vixente ao respecto.

4.2.- INSCRICIÓN EN COMPETICIÓN NACIONAIS E FASES NACIONAIS POSTERIORES ÁS COMPETICIÓN AUTONÓMICAS

4.2.1.- Un club con dereito a participar nunha competición nacional deberá cumprir os requisitos establecidos nos Regulamentos da RFEVb, nas Normas Xerais e Específicas da Competición, así como remitir á RFEVb en tempo e forma a documentación requirida nas mencionadas normativas.

As Normas Específicas de cada competición nacional establecen os requisitos e documentación que deberán remitir os clubs e a FGVb en relación aos equipos que a representen. Estes deberán pagar a taxa de inscrición establecida para a competición da que se trate directamente na conta bancaria da RFEVB e remitir o xustificante do ingreso dentro dos prazos establecidos. En caso contrario a inscrición non terá validez.

4.2.2.- Os importes por inscrición de equipo e tramitación de licenzas establecidos pola FGVb son independentes dos establecidos pola RFEVB.

4.2.3.- O Procedemento para a inscrición nas fases nacionais posteriores ás competicións autonómicas, será comunicado pola FGVb mediante circular, ao remate da liga regular.

4.3.- NON AUTORIZACIÓN DA INSCRICIÓN

A FGVb poderá non autorizar a inscrición dun equipo nas competicións autonómicas ou solicitarlle á RFEVb a non autorización de inscrición nas competicións nacionais no caso de que o club manteña débedas coa FGVb ou con outros estamentos do voleibol galego.

4.4.- OBRIGA DE INSCRIBIR EQUIPOS DE CATEGORÍA INFERIOR PARA CLUBS SÉNIOR

Todos os equipos participantes en Superliga1, Superliga2 e Primeira División Nacional están obrigados a cumprir coa normativa da RFEVB no referente as obrigas de inscrición de equipos de categorías inferiores.

4.5.- PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS PARA COMPETICIÓN AUTONÓMICAS

4.5.1.- Para que un club poida inscribir un equipo antes ten que ter enviado á FGVb durante a temporada en curso o documento G5 (Ficha territorial de club) actualizado, selado e asinado.

4.5.2.- Un club con dereito a participar nunha competición autonómica deberá inscribir o equipo a través da páxina web da plataforma da Federación; unha vez se valide dende a Federación ese equipo para a Competición inscrita xerase unha factura polo custo establecido na Normativa, a cal ata non ser aboada non se considerará completada a alta do equipo para esa competición, e do aval no caso de non telo constituído para esa categoría. Mentres non se cumplan estes requisitos o club non poderá inscribir licenzas para ese equipo.

Os ingresos de inscricións e avales faranse na conta da FGVb:

Banco Sabadell ES71 0081 0499 6400 0137 8440

4.5.3.- A inscrición para participar nas Fases Finais de Primeira División farase mediante o documento que a FGVb habilite para elo.

5.- REQUISITOS E OBRIGAS QUE DEBEN CUMPRIR OS CLUBS INSCRITOS

Todos os clubs participantes nas competicións organizadas pola FGVb deberán:

1. Estar en posesión dun CIF propio e ter un domicilio oficial para envío da correspondencia.
2. Ter un logo identificativo único e orixinal
3. Estar en posesión dunha conta de correo electrónico.
4. Manter actualizada a información da Ficha do Club e dos Estatutos que se atopan na FGVb así como remitirle a esta a información sobre os seus compoñentes cando se lles requira.

6.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE TRAMITACIÓN DE LICENZAS PARA COMPETICIÓNS AUTONÓMICAS E AUTORIZACIÓNS FEDERATIVAS PARA COMPETICIÓNS DE CATEGORÍA SUPERIOR

6.1.- O procedemento de tramitación de licenzas será o seguinte, agás que as Normas Específicas da competición sinalen outro distinto:

- O Club rexistrará na plataforma da FGVb as licenzas correspondentes a cada un dos equipos inscritos para as diferentes competicións autonómicas. De cada equipo obterá o documento “Solicitud de tramitación de licenzas”, que selado e asinado deberá ser enviado á FGVb. No caso dos equipos de categoría cadete e inferiores tamén se deberá achegar a copia do Seguro Deportivo para competicións federadas da Secretaría Xeral para o Deporte.
- Para as competicións nacionais o club entregará na FGVb o impreso de “Solicitud de tramitación de licenzas” solicitado pola Real Federación Española de Voleibol (en adiante RFEVb), debidamente cuberto en todos os seus apartados e aboará na conta da FGVb o importe do custe de inscrición de equipos recollido nesta Normativa.

Federación galega de Voleibol:

Banco Sabadell ES71 0081 0499 6400 0137 8440

- A FGVb enviará a documentación dos equipos de competición nacional a RFEVb unha vez estean satisfeitos os custes na FGVb, e rexistrará todos os participantes e equipos na plataforma da RFEVb.
- Unha vez tramitadas as licenzas, a RFEVB ou a FGVb (segundo corresponda) expedirá unha relación (Autorización) onde figurarán todos os xogadores e auxiliares con licenza no equipo, así como se están autorizados para ser aliñados nunha competición superior. Poderían non ser incluídos aqueles deportistas, aínda coa licenza tramitada, que non puideran ser aliñados de acordo á normativa vixente.
- Non se admitirá a tramitación de licenzas, nin a autorización federativa para competición superior a aqueles clubs que teñan débedas coa FGVb ou a RFEVb cando esta fora reclamada e non satisfeita.

- 6.2.-** No caso dos trámites que teñan que ir a RFEVb todas as datas límite de tramitación e inscrición son de entrada efectiva na RFEVB polo que os clubs deberán tramitar na FGVb a documentación requirida cun día como mínimo de antelación respecto dos prazos establecidos na normativa da RFEVb.
- 6.3.-** Polo menos cinco días antes do comezo da competición cada equipo deberá ter tramitado un mínimo de 8 licenzas de xogadores e un adestrador con titulación suficiente na FGVb agás as excepcións establecidas nas normas específicas de cada competición. O número mínimo de 8 participantes debe manterse durante toda a competición, non aceptando a FGVb a tramitación de baixas cando isto supoña incumplir o mínimo de participantes. A tramitación con posterioridade do mínimo de participantes será sancionada segundo o Regulamento Disciplinario.
- 6.4.-** Non se poderá aliñar a ningún deportista ata que non dispoña da licenza e da autorización federativa emitida pola RFEVB/FGVb que lle autorice para isto.
- 6.5.-** Para a tramitación da licenza dun xogador durante o transcurso da competición a solicitude de licenza deberá atoparse rexistrada na plataforma da FGVb antes das 09:00 h do xoves anterior á xornada na cal o dito xogador poderá participar na dita competición.
- 6.6.-** Os xogadores, adestradores e auxiliares con licenza en vigor que desexen participar en competicións autonómicas ou nacionais con outros equipos de categoría superior do seu mesmo club (nos casos nos que a regulamentación así o permita) deberán solicitar a Autorización Federativa correspondente para competición superior (mediante o modelo NC-1) ben no momento do envío da solicitude de tramitación de licenzas ou ben con posterioridade.
- Os xogadores de 1ª División Autonómica Sénior deberán tramitar a autorización para categoría superior antes da finalización da data límite de tramitación de licenzas da división na que queiran xogar. En caso contrario non poderán aliñarse en dita competición.
- 6.7.-** No transcurso da temporada un xogador poderá tramitar unha nova licenza por outro equipo do mesmo ou de distinto club, de igual, superior ou inferior categoría sempre que se dispoña previamente da carta de baixa do seu club de orixe e se cumpran o resto de requisitos establecidos na normativa. Soamente poderá cambiarse de equipo unha vez por temporada.
- A data tope para facer este cambio de equipo será a establecida para a tramitación de licenzas na división ou categoría na que se queira participar (ver punto 21 desta normativa). As Normas Específicas de cada competición poderán establecer outras limitacións respecto aos prazos e cambios.
- 6.8.-** A data tope de tramitación de licenzas de adestradores e auxiliares será o día hábil anterior ao de finalización da competición da que se trate, agás que nas Normas Específicas da súa competición se sinala outra data distinta.
- 6.9.-** Calquera cambio de tipo de licenza precisará da tramitación dunha nova e, de ser necesario, a baixa correspondente da anterior.

- 6.10.- Os xogadores inscritos nun equipo do Torneo Apertura ou da Copa Federación inscribíranse automaticamente se o equipo se inscribe en Primeira, Segunda ou Terceira División da categoría correspondente.
- 6.11.- Para tramitar a licenza dun adestrador nun equipo é de obrigado cumprimento axuntar certificado negativo de delitos sexuais con menos de 3 meses de antigüidade ou certificado do secretario do club conforme o club ten este documento.

7.- EXPEDICIÓN DE LICENZAS

- 7.1.- A FGVb poderá emitir autorizacións federativas provisionais daqueles equipos cuxo tróptico deba remitirse á RFEVb. Estas autorizacións poderán ser utilizadas polos equipos durante un período máximo de 21 días e mentres non cheguen as autorizacións definitivas expedidas pola RFEVb. Estas licenzas provisionais deberán ser emitidas soamente cando todos os integrantes do equipo estean dados de alta nunha Entidade Aseguradora.
- 7.2.- A FGVb non poderá en ningún caso emitirlle a autorización provisional aos xogadores estranxeiros que militen en equipos de categoría nacional. Estes xogadores deberán utilizar obrigatoriamente a licenza ou autorización federativa expedida pola RFEVb.
- 7.3.- Os equipos tramitarán as licenzas a través da plataforma web contratada pola Federación. O procedemento para a tramitación e validación das licenzas estará publicada na propia web da Federación (www.volei.gal)

8.- IDENTIFICACIÓN E ALIÑACIÓN EN ENCONTROS

- 8.1.- Os xogadores, adestradores ou auxiliares que participen en competicións oficiais, deberán estar en posesión da licenza e, se procede, da correspondente autorización federativa para competición superior.
- 8.2.- Para poder participar nun encontro deberase presentar a Autorización Federativa e os documentos para identificación persoal recollidos como válidos no Regulamento de Encontros e Competicións. Para os/as xogadores/as Alevíns e Benxamíns, permítese participar co carné xerado pola aplicación do *XOGADE*, sempre que cumpra os seguintes requisitos: estar selado pola FGVb, ter fotografía, e levar todos os datos cumprimentados. O carné deberá ser enviado a FGVb, en formato físico, xunto coa fotografía, a solicitude de licenza e copia do libro de familia ou certificado de nacemento. A FGVb selará a documentación con un custe de 2,00€ por persoa no caso de nova alta e 1,00€ por persoa no caso de renovación por perda.

No caso de ausencia dalgún dos documentos anteriores o árbitro do encontro seguirá o estipulado no Regulamento de Encontros e Competicións.

- 8.3.- Si se incluía na acta do encontro algunha persoa que non tivera tramitada correctamente a licenza ou non estivera autorizada para ser aliñada, o equipo será sancionado por aliñación indebida. A aliñación indebida na que o xogador que a produza non participe (non interveña) no encontro sancionárase so economicamente.

Igualmente sancionárase so economicamente a participación nun encontro do deportista que, carecendo de autorización federativa para competición superior, si dispuxera da licenza correctamente tramitada na FGVb, sempre que de conformidade coa normativa puidera ser aliñado no equipo do seu club de categoría superior a falta daquel requisito.

- 8.4.-** So poderán ser inscritos na acta os adestradores, xogadores e auxiliares presentes ata o momento do inicio do encontro, ou de pechar a acta no caso de que un dos equipos non se presentase. A estes efectos considerarase inicio do encontro cando o árbitro faga sonar o seu asubío para proceder ao saúdo oficial entre os equipos e adestradores. Esta normativa é aplicable a todas as competicións autonómicas e nacionais.
- 8.5.-** As Normas específicas de cada competición poderán establecer a obriga de que en todos os encontros sexan inscritos na acta un mínimo de xogadores, adestradores ou auxiliares. O seu incumprimento será reflectido na acta e sancionado segundo o disposto no Regulamento Disciplinario, aínda que isto non impedirá que o partido poida disputarse, sempre que se cumbran o resto das Regras Oficiais de Xogo.
- 8.6.-** Se un adestrador que non teña o nivel requirido para a competición asiste a un partido sen a presenza física doutro adestrador co nivel requirido, autorizarase a súa inscrición na acta e que se sente no banco, aínda que non poderá dirixir ao equipo. Dito feito reflectirase na acta e inscribírase na casíña destinada ao “AC”. Esta aliñación excepcional do adestrador sen titulación suficiente non exime ao club da responsabilidade disciplinaria que tivera lugar.
- 8.7.-** Un xogador sénior, independentemente da súa federación de orixe, con licenza tramitada cun equipo sénior poderá participar cos equipos das divisións superiores do seu mesmo club durante a Fase Autonómica. Se o xogador é menor de 22 anos no momento de comezar a competición a súa participación será sen límite de encontros. Os xogadores que teñan 22 anos ou mais no momento de comezar a competición, soamente poderán participar en 4 encontros. De participar nun quinto encontro o xogador perderá a categoría na que estaba inscrito podendo inscribirse na categoría superior en tempo e forma.

En caso de clasificarse para a Fase Final Nacional de 1ª División Autonómica Sénior ningún xogador das divisións inferiores poderán participar nesta competición ao non permitilo a RFEVb.

- 8.8.-** Permítese que os xogadores con licenza nunha categoría de idade inferior xoguen un número ilimitado de encontros con outro equipo do seu mesmo club nunha competición de categoría de idade superior, sempre que dispoñan da autorización federativa correspondente.

No caso das competicións nacionais soamente se permite por norma xeral o salto dunha categoría de idade, agás que as Normas da RFEVb recollan outras limitacións.

No caso de que se solicite autorización para xogar nun equipo que participe nunha categoría superior, e que o club teña inscritos nesa competición mais dun equipo, deberase indicar para que equipo se solicita a autorización. O xogador estará autorizado para xogar soamente co equipo do club para o que solicite a autorización, durante a mesma temporada non se poderá solicitar autorización para o mesmo xogador para outro equipo desa competición.

- 8.9.-** Permítese tamén que un xogador alevín, infantil, cadete, xuvenil ou júnior con licenza por un equipo dunha división inferior poida xogar nas divisións superiores da súa categoría de idade e do seu mesmo club sempre que non se aliñen máis de 2 xogadores destas características por

encontro, agás durante a competición do Torneo Apertura. Na Fase Nacional non haberá limitación no número de xogadores de divisións inferiores que se poden inscribir no campionato.

- 8.10.-** Se un adestrador menor de idade asiste a un partido sen a presenza física doutro adestrador ou delegado que sexa maior de idade o equipo será sancionado por aliñación indebida. Dito acompañante deberá ter a autorización correspondente. No caso de non ser ningún maior de idade, o árbitro recollerá este feito no apartado de observacións da acta.

9.- XOGADORES DA CONCENTRACIÓN PERMANENTE DA RFEVB

- 9.1.-** Os xogadores que participen nas Concentracións Permanentes (masculina e feminina) disporán dunha licenza federativa especial na categoría Sénior tramitada a favor do equipo da Concentración Permanente. Poderán ademais tramitar outra licenza na categoría cadete ou xuvenil dun club, a cal deberá ser tramitada dentro da data límite establecida na normativa para a dita categoría.
- 9.2.-** Os xogadores das Concentracións Permanentes están autorizados a participar, co club polo que dispuxeran da licenza cadete, xuvenil ou Júnior, nas seguintes competicións e condicións:
- a) Campeonato de España Júnior/Xuvenil e/ou Cadete (Fases autonómicas e nacionais)
 - b) Superliga Júnior: nas datas e fases que oportunamente sexan autorizadas.
 - c) Campionatos Autonómicos Xuvenís e/ou Cadetes, nas datas que oportunamente sexan autorizadas.
 - d) Noutras competicións de ámbito autonómico, sempre e cando non interfira na actividade propia da Concentración Permanente e conten coa autorización previa da RFEVB.

Non poderán participar co club, nin en fases nacionais nin autonómicas das competicións de Superliga 1, Superliga 2, Primeira División Nacional ou 1ª División Autonómica Senior.

- 9.3.-** En cada un dos partidos das competicións mencionadas nos apartados a), b) e c) do punto anterior, os Clubs terán que aterse aos criterios establecidos pola RFEVB respecto da aliñación de xogadores integrados na CPJ e clubs de procedencia.
- 9.4.-** Os Clubs que teñan xogadores que compitan coa Concentración Permanente poderán en categoría cadete, xuvenil e/ou Júnior tramitar ademais das 18 licenzas regulamentarias e o número de altas e baixas correspondentes, tantas licenzas como xogadores desa categoría teñan na Concentración Permanente.

10.- XOGADORES E ADESTRADORES DOUTRAS NACIONALIDADES

- 10.1.-** A Federación de Orixe dun deportista será tida en conta de acordo á Normativa da FIVB e que aparece detallada nas Normas Xerais de Competición da RFEVB.

O club deberá comunicar no momento de presentar a solicitude de tramitación das súas licenzas a Federación de Orixe do Xogador. Ante calquera dúbida ou discrepancia acerca da Federación de Orixe, a FGVb consultará á RFEVB para establecela.

- 10.2.-** Os xogadores sénior que non teñan como Federación de orixe a RFEVB so poderán participar por norma xeral co equipo do club polo cal tramitaron a súa licenza. Exceptuase desta norma

aos xogadores estranxeiros menores de 22 anos ao inicio da competición os cales poderán ser aliñados nas mesmas condicións que se recollen no artigo 8.7 destas Normas Xerais.

Un adestrador estranxeiro só poderá aliñarse no equipo do seu club polo cal tramitou a súa licenza, ou en equipos dese mesmo club de categoría inferior. Para aliñarse en equipos do club de categoría superior deberá darse de baixa no equipo no que tiña tramitada a súa licenza e tramitar outra co novo equipo.

10.3.- Agás que as Normas Específicas de Competición digan o contrario, non poderán tramitarse máis de 5 licenzas de xogadores cuxa Federación de Orixe non sexa a RFEVB nas competicións nacionais sénior. Tampouco poderán aliñarse máis de 5 destes xogadores nun mesmo encontro.

10.4.- Na Final do Campionato Galego Júnior e Xuvenil e na Final do Campeonato de España Júnior e Xuvenil non se admitirá a participación de ningún xogador estranxeiro agás os denominados estranxeiros especiais. Non se considerará estranxeiro a aquel que teña a nacionalidade dun país comunitario ou do Espazo Económico Europeo.

Na 2ª División Autonómica Sénior, na 3ª División Autonómica Sénior e nas categorías cadete e infantil non hai límite de tramitación nin de aliñación de xogadores estranxeiros nin necesidade de que sexan cualificados como especiais.

Se o club dispuxera de estranxeiros cadetes que cumpriran as condicións esixidas para a súa participación co equipo de 1ª División Cadete do seu club, poderán ser aliñados, previa solicitude de autorización federativa e debendo nese caso obter a cualificación de estranxeiro especial.

Se o club dispuxera de estranxeiros especiais Júnior ou xuvenís cuxa Federación de orixe non fora a RFEVB e que cumpriran as condicións esixidas para a súa participación en equipos sénior do seu club, poderán ser aliñados, pero ocupando praza no encontro como xogador cuxa Federación de orixe non é a RFEVB.

10.5.- Os xogadores cuxa Federación de orixe non sexa a RFEVB e que teñan a licenza tramitada dentro dos prazos establecidos en equipos de 1ª División Autonómica Sénior, pero sen autorización da RFEVB para Fases Nacionais poderán solicitala no momento de formalizar a inscrición do equipo para a Fase Final.

11.- TRAMITACIÓN DO TRANSFER INTERNACIONAL

11.1.- O tránsfer internacional será necesario para todos os xogadores con Federación de orixe diferente da RFEVB e que vaian a tramitar licenza en Superliga1, Superliga2, e Primeira División Nacional, agás as excepcións establecidas regulamentariamente. En principio non será necesario nas competicións de ámbito autonómico aínda que a RFEVB poderá requirilo a todos ou a algúns xogadores nestas categorías, a petición da Federación de orixe ou da FIVB.

Están eximidos de tránsfer os casos establecidos no parágrafo anterior ou os xogadores cuxa vida deportiva no ámbito federado transcorrera unicamente en España e segundo estableza a FIVB. Deberase presentar certificado de todas as Federacións onde posúa nacionalidade que indique que o dito xogador/a nunca participou en clubs daquel país.

No seu defecto poderase aportar a documentación que estime oportuna e que xustifique a súa estancia en España a lo menos dende o seu primeiro ano de categoría xuvenil. O certificado anterior non será necesario se xa obra en poder da RFEVB e o ano anterior tramitou licenza nalgunhas das competicións da RFEVB.

- 11.2.- O procedemento de tramitación do tránsfer internacional rexerase pola normativa da FIVB que se detalla nas Normas Xerais de Competición da RFEVB.

12.- ÁRBITROS

- 12.1.- A FGVb, a través do Comité Técnico Galego de Árbitros, establecerá antes do inicio de cada competición a lista de árbitros que poderán actuar en cada unha delas. No seu defecto, poderán participar aqueles que teñan a titulación correspondente.

- 12.2.- As designacións dos árbitros en calquera competición oficial de ámbito autonómico correspóndenlle ao Comité Técnico Galego de Árbitros.

Tamén corresponderalle ao CTGA o nomeamento dos árbitros non neutrais das fases nacionais que se celebren no seu territorio.

- 12.3.- Para solicitar árbitro/s neutrais atenderase con carácter xeral ao disposto no Regulamento de Encontros e Competicións da FGVb. En competicións de ámbito autonómico o árbitro neutral deberá ser de distinta provincia que os dous equipos contendentes. A dita solicitude realizarase á FGVb cunha antelación mínima de dez días á data do encontro e cumprindo os requisitos previstos para a solicitude de árbitros neutrais.

- 12.4.- Todo árbitro estará obrigado a tramitar a súa licenza na FGVb 10 días antes do comezo da temporada ou de poder ser designado para un encontro. No caso contrario, non poderá ser designado.

- 12.5.- O equipo arbitral depositará na mesa do anotador ao inicio do encontro as súas licenzas de árbitros en vigor. A súa non presentación poderá ser sancionada pero non será en ningún caso motivo para que un equipo se negue a disputar o encontro.

- 12.6.- O Primeiro árbitro, en ausencia do Delegado Federativo naquelas competicións nas que o houbera, será o responsable de facer cumprir a normativa relativa aos terreos de xogo e desenvolvemento dos partidos, solicitando do delegado de campo, ou do delegado do equipo local se non houbera o primeiro, a emenda das deficiencias que puideran xurdir.

- 12.7.- Os árbitros están obrigados a coñecer e aplicar a normativa da FGVb para cada competición, debendo sinalar todas as anomalías dos campos de xogo e do encontro, reflectíndoas nas actas e/ou anexos oficiais.

No caso de considerar oportuno a utilización do modelo G-13 de control de pavillón, equipamento e persoal este deberá ser asinado á finalización do encontro polo Primeiro Arbitro do partido e polos capitáns de ambos equipos. Coa sinatura de cada capitán considerase notificado o seu contido aos equipos aos efectos disciplinarios.

- 12.8.-** En todos os partidos nos que estea presente un delegado de equipo con licenza expedida pola RFEVB ou pola FGVb, o árbitro deberá reflectilo nas observacións da acta, escribindo o seu nome e número de DNI.
- 12.9.-** Os primeiros árbitros dos encontros de todas as competicións autonómicas teñen a obriga de acadar que a acta do encontro se atope na Federación e na plataforma da Federación nos prazos establecidos no Regulamento de Encontros e Competicións.
- 12.10.-** Os primeiros árbitros con licenza tramitada pola FGVb teñen a obriga de comunicar tanto o resultado como calquera tipo de incidencia que se producira nos encontros que arbitren en Galicia ao Departamento de Competicións da FGVb polas vías e nos prazos establecidos no Regulamento de Encontros e Competicións da FGVb.
- 12.11.-** Independentemente doutras formas de notificación das designacións arbitrais que se puideran implementar, as efectuadas polo Comité Técnico Galego de Árbitros considéranse notificadas aos árbitros designados para cada xornada coa súa publicación na páxina web da FGVb.
- 12.12.-** As Normas Específicas de cada competición poderán establecer outras obrigas respecto ao equipo arbitral que serán de obrigado cumprimento. En caso de conflito, o disposto nas Normas Xerais e Específicas teñen preferencia na súa aplicación sobre calquera outra normativa.

13.- BALÓNS OFICIAIS

O balón oficial de xogo e quecemento nas competicións Infantil, Cadete, Xuvenil, Júnior e Sénior da FGVb é o Molten V5M5000.

Nas categorías Júnior, Xuvenil, Cadete e Infantil autorízase, ademais do anterior, o modelo Molten V5M4000.

O balón oficial de xogo das competicións Alevín e Benxamín é Molten Pequevoley V5-SPMB / SP1.

Autorízase tamén, en ausencia do anterior, o uso nas categorías Alevín e Benxamín de un balón de similares características técnicas que o Molten Pequevoley V5-SPMB / SP1 e que ten que ser autorizado pola FGVb..

14.- CAMPOS DE XOGO E REDES OFICIAIS

- 14.1.-** Os campos de xogo deberán cumprir os requisitos sinalados especificamente na normativa de cada competición. A FGVb poderá autorizar, de forma temporal ou permanente, campos de xogo que non cumpran todos os requisitos esixidos pola normativa da súa competición. A FGVb poderá supervisar os requisitos dos campos por medio da designación de delegados federativos.
- 14.2.-** O incumprimento dos requisitos das canchas de xogo establecidos na normativa será sancionado segundo establece o Regulamento Disciplinario. Se as deficiencias foran moi graves non se poderán disputar os encontros nela, debendo o club designar outra instalación ou emendar as deficiencias atopadas.

14.3.- Agás que as Normas Específicas dalgunha competición sinalen outra cosa, a rede homologada poderá:

- a) Ir libre de publicidade ou utilizar a publicidade oficial que determine a FGVb. Se a FGVb facilitase unha rede con publicidade oficial o seu uso será obrigatorio.
- b) Usar publicidade autorizada. A FGVb poderá autorizar a utilización dunha rede con publicidade naqueles casos nos que un club así o solicite. Soamente poderase utilizar unha única cor de impresión sobre a banda branca.

15.- DEREITOS DE FORMACIÓN DE XOGADORES

Para o establecemento dos dereitos de formación de xogadores, seguirase a normativa establecida no Regulamento de encontros e Competicións e no Regulamento Xeral da FGVb e nas Normas Generales de Competición da RFEVb segundo o caso.

16.- CONTROL ANTIDOPAXE

A realización de controis de dopaxe realizarase conforme á normativa vixente establecida polo Regulamento de Dopaxe da RFEVb e o Regulamento de Encontros e Competicións da FGVb.

17.- ARBITRAXES

17.1.- TARIFAS ARBITRAIS

	TRES ARBITROS			DOUS ARBITROS		DOUS ARBITROS		UN ARBITRO
	Primeiro	Segundo	Anotador	Primeiro	Anotador	Primeiro	Segundo Anotador	Primeiro
Torneo Apertura Sénior	69,50 €			60,50 €		60,50 €		53,00 €
Copa Federación Sénior								
Primeira División Sénior	35,00 €	22,00 €	12,50 €	44,00 €	16,50 €	30,25 €	30,25 €	53,00 €
Camp. Galego Sénior								
Copa Galicia								
Torneo Apertura Júnior	41,00 €			33,00 €		33,00 €		28,00 €
Copa Federación Júnior								
Torneo Apertura Xuvenil								
Copa Federación Xuvenil								
Segunda División Sénior								
Terceira División Sénior								
Cuarta División Sénior								
Primeira División Júnior	19,50 €	12,00 €	9,50 €	23,65 €	9,35 €	16,50 €	16,50 €	28,00 €
Primeira División Xuvenil								
Camp. Galego Júnior								
Camp. Galego Xuvenil								
Camp. Galego Cadete								
Camp. Galego Infantil								



Segunda División Júnior	35,00 €			28,00 €		28,00 €		24,00 €
Terceira División Júnior								
Cuarta División Júnior								
Segunda División Xuvenil	16,50 €	10,50 €	8,00 €	20,00 €	8,00 €	14,00 €	14,00 €	24,00 €
Terceira División Xuvenil								
Cuarta División Xuvenil								
Torneo Apertura Cadete	29,50 €			25,00 €		25,00 €		20,00 €
Copa Federación Cadete								
Primeira División Cadete	14,00 €	9,00 €	6,50 €	18,00 €	7,00 €	12,50 €	12,50 €	20,00 €
Segunda División Cadete	24,50 €			20,00 €		20,00 €		16,50 €
Terceira División Cadete								
Cuarta División Cadete	11,50 €	7,50 €	5,50 €	14,50 €	5,50 €	10,00 €	10,00 €	16,50 €
Torneo Apertura Infantil	24,20 €			22,00 €		22,00 €		18,00 €
Copa Federación Infantil								
Torneo Apertura Alevín								
Copa Federación Alevín								
Primeira División Infantil	12,10 €	8,25 €	6,00 €	16,00 €	6,00 €	11,00 €	11,00 €	18,00 €
Primeira División Alevín								
Torneo Apertura Benxamín	19,00 €			17,00 €		17,00 €		14,00 €
Copa Federación Benxamín								
Segunda División Infantil								
Terceira División Infantil								
Cuarta División Infantil								
Segunda División Alevín	9,50 €	6,00 €	4,50 €	12,50 €	4,50 €	8,50 €	8,50 €	14,00 €
Terceira División Alevín								
Cuarta División Alevín								
Primeira División Benxamín								
Fase Previa Copa				20,00 €		20,00 €		15,00 €
Deputación Sénior-Xuvenil-Júnior								
				15,00 €	5,00 €	10,00 €	10,00 €	15,00 €
Fase Previa Copa				15,00 €		15,00 €		10,00 €
Deputación Cadete-Infantil								
				10,00 €	5,00 €	7,50 €	7,50 €	10,00 €
Camp. Galego Benxamín								50,00 €
Camp. Galego Prebenxamín								Xornada
Copa Alevín								
Copa Deputación - Fase Final/Fase Previa (Concentracións)								85,00 €
								Xornada

17.2.- Para a temporada 2025-2026, os gastos de desprazamento fíxanse en 0,26 euros/km máis os custes das peaxes de autoestrada debidamente xustificadas dende a poboación de residencia dos colexiados. E responsabilidade do árbitro principal o desprazamento do conxunto arbitral.

17.3.- Establécese unha taxa por quilometraxe segundo a seguinte táboa:

TAXA POR QUILOMETRAXE (Suma ida e volta)

<i>Quilómetros</i>			<i>Importe</i>	<i>Quilómetros</i>			<i>Importe</i>
10	a	20	6 €	101	a	150	12 €
21	a	50	8 €	151	a	300	15 €
51	a	100	10 €	301	a	...	17 €

A Taxa por quilometraxe aplicarase a todos os árbitros que se despracen, con independencia de que sexa o que dispón o vehículo, ou é acompañante.

Ademais da taxa por quilometraxe, establécense as seguintes dietas:

- o 14,00 € para cada árbitro de fora da localidade designado en encontros que rematen despois das 15:00 horas e das 22:00 horas.
- o 7,00 € para cada árbitro da mesma localidade designado en encontros que rematen despois das 15:00 horas e das 22:00 horas.

17.4.- Os custes arbitrais serán aboados directamente á FGVb de acordo aos seguintes parámetros:

- Os ingresos dos custes arbitrais faranse na conta da FGVb:
Banco Sabadell ES71 0081 0499 6400 0137 8440
- Tanto as tarifas arbitrais como os gastos de desprazamento serán prorrateados entre os equipos de cada grupo participantes en cada unha das fases das distintas competicións.
- A FGVb presupostará o custe de cada competición que se deberá pagar nos prazos indicados a continuación:

Torneo Apertura e Copa Federación

1. Antes do 19/09/2025

Primeiras, Segundas e Terceiras Divisións

1. Antes do 01/12/2025
2. Antes do 01/02/2026
3. Antes do 01/03/2026

Superliga 2 e Primeira División Nacional

1. Antes do 19/09/2025
2. Antes do 01/12/2025
3. Antes do 01/02/2026
4. Antes do 01/03/2026

- Unha vez rematadas as competicións a FGVb procederá á regularización dos custes arbitrais de cada competición, emitindo unha factura pola diferenza entre os gastos de arbitraje facturados a cada equipo e os custes reais.
- A FGVb non designará árbitros para os partidos daqueles clubs que non fixeran o pago no prazo correspondente e considerarase ao equipo debedor como non presentado a eses partidos. No caso de impago do último prazo consideraranse impagados os arbitaxes de tódolos partidos disputados en esa competicións dende o último prazo pagado.

17.5.- PRESUPOSTO DE CUSTES ARBITRAIS PARA A TEMPORADA 2025-2026

COMPETICIÓN	1º PRAZO	2º PRAZO	3º PRAZO	4º PRAZO
Superliga 2	369,00 €	369,00 €	369,00 €	369,00 €
Primeira División Nacional	308,00 €	308,00 €	308,00 €	308,00 €
Torneo Apertura Sénior	160,00 €			
Torneo Apertura Júnior	143,00 €			
Torneo Apertura Xuvenil	143,00 €			
Torneo Apertura Cadete	110,00 €			
Torneo Apertura Infantil	99,00 €			
Torneo Apertura Alevín	99,00 €			
Torneo Apertura Benxamín	90,00 €			
Copa Federación Sénior	160,00 €			
Copa Federación Júnior	143,00 €			
Copa Federación Xuvenil	143,00 €			
Copa Federación Cadete	110,00 €			
Copa Federación Infantil	99,00 €			
Copa Federación Alevín	99,00 €			
Copa Federación Benxamín	90,00 €			
Primeira División Sénior	314,00 €	314,00 €	314,00 €	
Segunda División Sénior	160,00 €	160,00 €	160,00 €	
Terceira e Cuarta División Sénior	116,00 €	116,00 €	116,00 €	
Primeira División Júnior	182,00 €	182,00 €	182,00 €	
Segunda División Júnior	143,00 €	143,00 €	143,00 €	
Terceira e Cuarta División Júnior	77,00 €	77,00 €	77,00 €	
Primeira División Xuvenil	182,00 €	182,00 €	182,00 €	
Segunda División Xuvenil	143,00 €	143,00 €	143,00 €	
Terceira e Cuarta División Xuvenil	77,00 €	77,00 €	77,00 €	
Primeira División Cadete	143,00 €	143,00 €	143,00 €	
Segunda División Cadete	110,00 €	110,00 €	110,00 €	
Terceira e Cuarta División Cadete	66,00 €	66,00 €	66,00 €	
Primeira División Infantil	138,00 €	138,00 €	138,00 €	
Segunda División Infantil	99,00 €	99,00 €	99,00 €	
Terceira e Cuarta División Infantil	55,00 €	55,00 €	55,00 €	

Primeira División Alevín	138,00 €	138,00 €	138,00 €	
Segunda División Alevín	99,00 €	99,00 €	99,00 €	
Terceira e Cuarta División Alevín	55,00 €	55,00 €	55,00 €	
Primeira División Benxamín	99,00 €	99,00 €	99,00 €	

18.- LICENZAS

18.1.- IMPORTES DAS LICENZAS INDIVIDUAIS

Tipo Licenza	1ª Div. Sénior ⁽¹⁾	2ª Div. Sénior 3ª Div. Sénior 4ª Div. Sénior 1ª Div. Júnior 2ª Div. Júnior 1ª Div. Xuvenil 2ª Div. Xuvenil	3ª Div. Júnior 3ª Div. Xuvenil 4ª Div. Júnior 4ª Div. Xuvenil	1ª Div. Cadete 1ª Div. Infantil 2ª Div. Cadete 2ª Div. Infantil 3ª Div. Cadete 3ª Div. Infantil 4ª Div. Cadete 4ª Div. Infantil	Alevín / Benxamín / Prebenxamín
Xogador/a Nacional	89,00 €	83,00 €	77,00 €	17,00 €	0,00 €
A. Nivel I	98,00 €	98,00 €	98,00 €	98,00 €	98,00 €
A. Nivel II	109,00 €	109,00 €	109,00 €	109,00 €	109,00 €
A. Nivel III	114,00 €	114,00 €	114,00 €	114,00 €	114,00 €
Directivo, delegado ou auxiliar ⁽²⁾	102,00 €	97,00 €	97,00 €	97,00 €	86,00 €

(1) Os equipos clasificados para a Fase Final de 2ª División Nacional deberán aboar ademais á RFEVb o importe das licenzas dos xogadores cuxa federación de orixe non sexa España así como dos adestradores e auxiliares estranxeiros que desexen tramitar a autorización federativa para esta competición. A cantidade exacta destes importes ven especificada nas Normas Generales de Competición da RFEVb.

(2) Consideraranse auxiliares aos masaxistas, fisioterapeutas, psicólogos e médicos.

Categoría	Importe
Xuíz de liña	66,00 €
Árbitro Nivel I	77,00 €
Árbitro Nivel II	99,00 €
Árbitro Nivel III-C	99,00 €
Árbitro Nivel III-B	99,00 €
Árbitro Nivel III-A	99,00 €

(1) O Custe pola expedición de Autorización da RFEVb será o recollida nas Normas Generales de Voleibol da RFEVb da tempada para a que se solicita. O Custe da

autorización de árbitro Nivel II a Autorizado Nivel III é o mesmo que o custe de Nivel III-C.

Todos os prezos inclúen o importe correspondente o seguro deportivo.

19.- TAXAS

19.1.- DEREITOS DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS E AVAIS

A inscrición dun equipo nunha competición oficial da FGVb leva asociado os dereitos de alta de licencias e seguros deportivos (para xogadores non cubertos por Xogade) ata 14 xogadores e 2 técnicos.

A formalización da inscrición e o pago da mesma e do aval correspondente, se o houbera, deberán facerse antes da data límite, excepto para os Campionatos Galegos nos que o importe da inscrición incluírase na liquidación final da temporada.

No caso de que o club non realice o ingreso da inscrición e aval antes da data límite a FGVb non tramitará as licencias nin os seguros deportivos correspondentes.

Se a data límite é posterior ao inicio da competición, no caso de que o club non realice o ingreso da inscrición e aval antes da data límite a FGVb non designará árbitros para os partidos dese equipo e considerarase como non presentado a eses partidos.

Todos os equipos inscritos no Torneo Apertura ou na Copa Federación estarán inscritos de oficio na División da categoría que lle corresponda en función da clasificación do Torneo Apertura/Copa Deputación. Un equipo poderá renunciar á División que lle corresponda pero terá a obriga de participar en algunha das inferiores.

Os importes da inscrición e aval para cada competición serán os seguintes:

COMPETICIÓN	INSCRICIÓN	AVAL	DATA LÍMITE
Torneo Apertura Sénior	715,00 €	200,00 €	19/09/2025
Torneo Apertura Júnior	605,00 €	115,00 €	19/09/2025
Torneo Apertura Xuvenil	605,00 €	115,00 €	19/09/2025
Torneo Apertura Cadete	150,00 €	0,00 €	19/09/2025
Torneo Apertura Infantil	150,00 €	0,00 €	19/09/2025
Torneo Apertura Alevín	125,00 €	0,00 €	19/09/2025
Torneo Apertura Benxamín	90,00 €	0,00 €	19/09/2025
Copa Federación Sénior	715,00 €	200,00 €	19/09/2025
Copa Federación Júnior	650,00 €	115,00 €	19/09/2025
Copa Federación Xuvenil	650,00 €	115,00 €	19/09/2025



Copa Federación Cadete	150,00 €	0,00 €	19/09/2025
Copa Federación Infantil	150,00 €	0,00 €	19/09/2025
Copa Federación Alevín	125,00 €	0,00 €	19/09/2025
Copa Federación Benxamín	90,00 €	0,00 €	19/09/2025
Primeira División Sénior ⁽¹⁾	845,00 €	225,00 €	01/12/2025
Segunda División Sénior	715,00 €	115,00 €	01/12/2025
Terceira División Sénior	715,00 €	115,00 €	01/12/2025
Cuarta División Sénior	523,00 €	115,00 €	01/12/2025
Cuarta División Sénior (1ª inscripción)	1.237,50 €	115,00 €	01/11/2025
Primeira División Júnior ⁽²⁾	825,00 €	115,00 €	01/12/2025
Segunda División Júnior	605,00 €	115,00 €	01/12/2025
Terceira División Júnior	605,00 €	115,00 €	01/12/2025
Cuarta División Júnior	440,00 €	115,00 €	01/12/2025
Cuarta División Júnior (1ª inscripción)	1.045,00 €	115,00 €	01/11/2025
Primeira División Xuvenil ⁽²⁾	825,00 €	115,00 €	01/12/2025
Segunda División Xuvenil	605,00 €	115,00 €	01/12/2025
Terceira División Xuvenil	605,00 €	115,00 €	01/12/2025
Cuarta División Xuvenil	440,00 €	115,00 €	01/12/2025
Cuarta División Xuvenil (1ª inscripción)	1.045,00 €	115,00 €	01/11/2025
Primeira División Cadete ⁽³⁾	250,00 €	0,00 €	01/12/2025
Segunda División Cadete	150,00 €	0,00 €	01/12/2025
Terceira División Cadete	150,00 €	0,00 €	01/12/2025
Cuarta División Cadete	75,00 €	0,00 €	01/12/2025
Cuarta División Cadete (1ª inscripción)	225,00 €	0,00 €	01/11/2025
Primeira División Infantil ⁽³⁾	250,00 €	0,00 €	01/12/2025
Segunda División Infantil	150,00 €	0,00 €	01/12/2025
Terceira División Infantil	150,00 €	0,00 €	01/12/2025
Cuarta División Infantil	75,00 €	0,00 €	01/12/2025
Cuarta División Infantil (1ª inscripción)	225,00 €	0,00 €	01/11/2025
Primeira División Alevín ⁽³⁾	200,00 €	0,00 €	01/12/2025

Segunda División Alevín	100,00 €	0,00 €	01/12/2025
Terceira División Alevín	100,00 €	0,00 €	01/12/2025
Cuarta División Alevín	50,00 €	0,00 €	01/12/2025
Terceira División Alevín (1ª inscripción)	150,00 €	0,00 €	01/11/2025
Primeira División Benxamín ⁽³⁾	100,00 €	0,00 €	01/12/2025
F.F. Campionato Galego Sénior	150,00 €	0,00 €	
F.F. Campionato Galego Xuvenil	150,00 €	0,00 €	
F.F. Campionato Galego Cadete	150,00 €	0,00 €	
F.F. Campionato Galego Infantil	150,00 €	0,00 €	
F.F. Campionato Galego Alevín	75,00 €	0,00 €	
F.F. Campionato Galego Benxamín	75,00 €	0,00 €	
F.F. Campionato Galego Prebenxamín	50,00 €	0,00 €	
Copa Alevín	20,00 €	0,00 €	

(1) Os equipos participantes na Fase Final Nacional de 1ª División Autonómica Sénior deberán aboar unha taxa de inscripción que estableza a RFEVb directamente á RFEVb.

(2) Os equipos participantes nos Campeonatos de España Júnior e Xuvenil deberán aboar unha taxa de inscripción que estableza a RFEVb directamente á RFEVb.

(3) Os equipos participantes nos Campeonatos de España Cadetes, Infantís, Alevíns e Benxamíns deberán aboar unha taxa de inscripción que estableza a RFEVb directamente á RFEVb.

Os avais quedarán constituídos por tempo indefinido. Un club poderá solicitar antes do 31 de agosto da temporada en curso a devolución de calquera aval que teña constituído na FGVb. A FGVb procederá á devolución do aval solicitado nos 30 días seguintes ao final da temporada.

19.2.- DELEGADO FEDERATIVO

Cando un club solicite a presenza dun Delegado Federativo, será requisito indispensable o depósito previo de 150 € e o posterior pago de todos os gastos que este desprazamento e estancia do Delegado Federativo puidera ocasionar.

No caso de que sexa a FGVb quen decida enviar de oficio a este Delegado, os gastos correrán por conta da FGVb, salvo que a normativa específica de competición ditamine o contrario.

19.3.- SEGURO DEPORTIVO

A FGVb non se fará responsable dos custes ocasionados con motivo dunha atención médica en centros que non sexan concertados ou recibida fora do protocolo establecido pola FGVb e a mutua contratada para a tempada. No caso de que a FGVb se vira obrigada por parte de terceiras institucións (sanidade pública, outros centros privados, servicios prestados sen o correspondente parte de lesión, ou caducados co tempo...) a sufragar gastos derivados da atención médica, porque no se cumpriron os mecanismos e procedementos descritos (centros

concertados, prazos de comunicación, etc.), a FGVb cargará ó club causante o importe dos gastos referidos, así como os gastos derivados que puidieran ocasionarse, debendo o Club aboar as cantidades correspondentes no prazo de 15 días. Do contrario, procederase a execución da fianza e a expulsión do Club da competición na que participe. Esta circunstancia é aplicable tamén aínda cando os custes se deberán a servizos prestados en tempadas anteriores.

Ante a ocorrencia dun accidente deportivo de calquera deportista de cuáquera categoría con licenza en vigor (xogador, técnico, auxiliar, etc.), o club debe solicitar a FGVb o a quen esta determine a emisión dun parte de accidente deportivo. Non se entregará ningún parte de accidente sen dita solicitude.

No caso de que a lesión se efectúe en un encontro ou adestramento poderase acudir á asistencia de urxencia nos lugares concertados, seguindo as instrucións que la Federación estableza acordo coa aseguradora:

- a) No caso de lesión en un encontro, deberase reflexar a incidencia polo árbitro no Acta do encontro. De non figurar así, a Federación podería revocar o parte médico.
- b) No caso de lesión en un adestramento o parte de lesión será válido sempre que estea documentado e xustificado, teña lugar dentro do calendario deportivo da FGVb e sexa consecuencia da participación nas competicións federadas. Neste caso, xunto co parte de comunicación de accidente, será obrigatorio achegar a “Declaración xurada do adestrador”.

Non quedan recollidos por tanto a preparación e participación en competicións e actividades non federadas, como por exemplo: campus de outras federación o clubs, tecnificacións e adestramentos nas que o Club ou o deportista estivera participando. En estas situacións, a Federación revocará o parte médico.

En ambos casos e con posterioridade, o Club en un prazo no superior ás 48 horas deberá solicitar a emisión do parte de accidente deportivo.

A solicitude do parte de accidente soamente poderá realizala o Delegado / Representante, ou o Presidente do Club.

A tramitación dos partes médicos e os partes de alta, serán realizadas exclusivamente a través da intranet ou do proceso telemático que a FGVb determine.

A emisión do parte deportivo, implica a baixa automática da autorización federativa do deportista, o cal para volver a adestramentos ou ser aliñado en un encontro oficial, deberá presentar a alta médica debidamente cumprimentado no formulario que a FGVb ou a Mutua poña a disposición. En calquera caso o período de baixa obrigatoria tras recibir a atención médica para a que se solicita o parte, será de 48 h; en este prazo non se recuperará a autorización federativa para participar, incluso si se dispuxera dunha alta médica.

O terceiro parte de comunicación de accidente e posteriores de cada equipo terá un custe de 25,00 € por parte tramitado, que será facturado o Club despois da tramitación do parte co seguro.

As consecuencias da participación de un deportista ou técnico sen autorización federativa estarán suxeitas o disposto nas normativas e regulamentos da FGVb.

20.- ADXUDICACIÓN DE SEDES PARA A DISPUTA DE COMPETICIÓNS

- 20.1.- A FGVb poderá adxudicar de forma directa, sen convocatoria previa, as sedes necesarias para a disputa das competicións e Fases Finais previstas na normativa. As entidades interesadas na súa organización deberán remitir un escrito á FGVb ao inicio das competicións manifestando a súa interese ao respecto.
- 20.2.- Para as sedes non adxudicadas directamente, a FGVb poderá convocar a súa organización, mediante circular nas que se sinalarán as condicións para a Solicitud de Organización de Fases Finais.
- 20.3.- Se, convocada a solicitude de organización de sedes, finalízase o prazo para a presentación destas sen que houbera ningunha ou non se cumpriran os requisitos mínimos establecidos nas Bases de Adxudicación, a FGVb, sen necesidade dunha nova convocatoria, poderá negociar libremente a adxudicación da dita sede.
- 20.4.- Todas as entidades organizadoras da Fase Final dunha competición oficial da FGVb estarán obrigadas a utilizar a imaxe corporativa desta nos medios e soportes de publicidade utilizados para a súa difusión. O incumprimento deste requisito poderá ser sancionada conforme ao establecido no Regulamento Disciplinario.
- 20.5.- Todos os equipos participantes nunha Fase Final dunha competición oficial da FGVb estarán obrigados a asistir a cerimonia de entrega de trofeos. O incumprimento deste requisito suporá a descualificación do equipo infractor, e ademais poderá ser sancionado conforme ao establecido no Regulamento Disciplinario.
- 20.6.- Todos os deportistas (xogadores e adestradores) inscritos por cada equipo participante nunha Fase Final dunha competición oficial da FGVb estarán obrigados a participar na cerimonia de entrega de trofeos. O incumprimento deste requisito suporá a descualificación do equipo infractor, e ademais poderá ser sancionado conforme ao establecido no Regulamento Disciplinario. De igual modo, queda prohibida a participación de persoas que alleas os equipos participantes na cerimonia de entrega de trofeos.
- 20.7.- O Club ou entidade organizadora deberá atender e respectar o Manual de Imaxe da FGVb, garantindo os espazos e distribución das marcas promocionadas, incluídas as da propia FGVb, e facilitando os medios no caso de ser preciso para a ubicación dos medios materias ou das imaxes no caso das retransmisións por *streaming*.

21.- DÉBEDAS DOS CLUBS

- 21.1.- Para as débedas que os clubs manteñan coa FGVb e que non teñan especificadas regulamentariamente a forma de aboamento, os prazos, as recargas ou as sancións, aplicarase con carácter xeral a seguinte normativa:
 - O club dispón de 10 días hábiles dende o momento da reclamación da débeda por parte da FGVb para efectuar o pagamento. Transcorrido ese prazo a FGVb requirirá ao club

para que proceda ao aboamento desta cun recargo do 10% nun novo prazo de 10 días hábiles contados dende o día seguinte ao de requirimento.

- Transcorrido o citado prazo procederase á execución do aval e engadirase á débeda orixinal as cantidades derivadas dos recargos administrativos que correspondan segundo este punto.

21.2.- A FGVb poderá, en calquera momento da temporada, acordar a execución do aval, total ou parcial, de acordo ás circunstancias concorrentes. En calquera caso executarase o aval se as débedas ou obrigas económicas federativas acumuladas superan o 40 % do valor do aval.

21.3.- No caso de execución do aval, o club afectado deberá depositar na FGVb, no transcurso dos dez días hábiles seguintes á data da súa execución, un novo aval ou depósito en efectivo polo mesmo importe establecido para a competición na que participe, (se a execución do aval fora polo total do seu importe), ou ben completar a contía executada do dito aval (se a execución do aval fora parcial).

De non cumprirse o anterior no prazo indicado, darase traslado ao Comité de Competición e aplicaráselle o disposto no artigo 69 do Regulamento Disciplinario no relativo á suspensión de encontros e descenso de categoría.

21.4.- Non se admitira a tramitación de licenzas nin autorizacións federativas para competición superior a aqueles clubs que teñan débedas coa FGVb cando estas foran reclamada e non satisfeitas.

22.- ELABORACIÓN DOS CALENDARIOS

No momento de elaborar os calendarios buscarase a máxima coincidencia nos desprazamentos dos equipos do mesmo club das categorías autonómicas sénior, xuvenil, cadete e infantil co obxectivo de reducir os seus custes económicos.

Para acadar este obxectivo seguiranse os seguintes criterios:

- a) Todas as competicións de ámbito autonómico da FGVb utilizarán, agás que as Normas Específicas dalgunha das competicións establezan o contrario, unha plantilla de calendario co mesmo número de equipos aínda que algunha delas non tivera cubertas todas as prazas dispoñibles.
- b) En cada calendario outorgaráselle o mesmo número aos equipos, tanto masculinos como femininos, que pertencen a un mesmo club ou que compartan unha maior proximidade xeográfica. No caso de non poder facelo con todos eles daráselle prioridade a aqueles clubs que contén un maior número de equipos inscritos na 1ª división de cada categoría. En caso de empate, terán prioridade os equipos que non gozaran desta coincidencia en temporadas anteriores.
- c) Aquelas competicións con 4 equipos ou menos xogarán obrigatoriamente a 4 voltas.
- d) A FGVb terá potestade para interpretar esta normativa ou para modificar algún dos puntos co obxectivo de mellorar o desenvolvemento das competicións.

23.- FIXACIÓN DE DATAS NOS CALENDARIOS E SELECCIONS GALEGAS

Cando un deportista fora convocado por algunha das seleccións galegas, facilitarase a modificación das datas e horas dos encontros nos que este puidera ter que participar co seu club, podendo incluso ser modificadas de oficio pola FGVb no caso de que os clubs implicados non chegaran a un acordo.

Durante o transcurso da temporada a FGVb poderá reservar un domingo ao mes para actividades de tecnificación. Isto implicaría a non autorización da disputa de encontros nas ditas datas.

24.- FORMACIÓN DOS GRUPOS NAS LIGAS ZONAI E COMPETICIÓNS CONXUNTAS ENTRE EQUIPOS DE DIFERENTES CATEGORÍAS

24.1.- O número mínimo de equipos establecido nas Ligas Zonais para poder conformar un grupo propio de competición é de 4 equipos.

24.2.- No caso de non chegar a este número mínimo de 4 equipos, a FGVb xuntará aos equipos da mesma competición que teñan unha maior proximidade xeográfica.

24.3.- No caso de que non haxa mais equipos en toda Galicia ou en casos excepcionais nos que a FGVb o estime oportuno, poderanse facer competicións conxuntas entre equipos de dúas ou mais categorías. Nestes casos, estableceranse clasificacións separadas para cada categoría nas que contarán soamente os encontros xogados entre equipos da mesma categoría. O resto de encontros terán a consideración de encontros amigables de obrigada celebración. Neste encontros amigables permitirase a participación de xogadores de categoría superior a do propio equipo sempre que teñan correctamente tramitada a súa licenza polo mesmo club ao que pertence o dito equipo. Estes xogadores non poderán en ningún caso superar a máxima categoría de idade dos equipos incluídos na competición da que se trate.

25.- SISTEMAS DE PUNTUACION E USO DE DOUS LIBEROS NAS COMPETICIONES AUTONÓMICAS

25.1.- O sistema de puntuación en todas as competicións autonómicas será, como excepción ao sinalado no artigo 11 do Regulamento de Encontros e Competicións, o seguinte:

Resultado 3-0 ou 3-1 (Equipo vencedor 3 puntos – perdedor 0 puntos)

Resultado 3-2 (Equipo vencedor 2 puntos – perdedor 1 punto)

En caso de empate a puntos valorarase como primeira opción para establecer o equipo mellor clasificado o número de vitorias. En caso de empate a número de vitorias, aplicarase para desfacer o empate o resto de criterios sinalados no artigo 15.3 do R. de Encontros e Competicións.

25.2.- En todas as competicións organizadas pola FGVb poderán ser inscritos en acta ata un máximo de 14 xogadores con Autorización Federativa, independente do número de líberos rexistrados (0-1-2 líberos). Non se permite inscrición como líbero de xogadores en categoría infantil e inferiores.

26.- CLUBS CON EQUIPOS EN DIFERENTES DIVISIONS DENTRO DA MESMA CATEGORIA

- 26.1.-** Se un club ten dous equipos en divisións da mesma categoría, se na segunda fase da competición o equipo de Primeira División non xoga a Fase de Promoción, o equipo de Segunda División poderá xogar dita fase pero non terá dereito a ocupar a praza que otorgue ascenso da categoría, permutando o seu posto final polo seguinte equipo clasificado.
- 26.2.-** Cando un Club inscriba a mais de un equipo no Torneo Apertura, e tras o remate de dita competición, os equipos que teñan dereito de praza na mesma División, o equipo mellor clasificado terá ese dereito e o segundo ocupará praza na División inmediatamente inferior. O resto de equipos moveranse no cuadro ocupando a praza libre que queda. Si fosen mais de dous equipos do mesmo Club, o criterio a aplicar será o mesmo ata completar as Divisións correspondentes.
- 26.3.-** En categoría Alevín, no caso de que haxa vacantes en Primeira ou Segunda División, un club poderá inscribir mais dun equipo.

27.- MODIFICACIÓNS DE CANCHA, DATAS E HORARIOS DOS PARTIDOS

- 27.1.-** As modificacións de cancha, data e horarios dun partido deberán ser solicitadas por escrito en modelo oficial á FGVb debidamente cumprimentado, co selo e sinatura dos clubs implicados. Deberán cumprir os seguintes requisitos:

OBXECTO DA SOLICITUDE	PRAZO RECEPCIÓN NA FGVb	CONFORMIDAD E DO CONTRARIO	CUSTE
Mod. Datas (cambio xornada) (1) (2)	- Máis de 30 días antes - De 29 a 10 días antes	- Necesaria - Necesaria	- 0 € - 0 €
Mod. Datas (cambio xornada) (1) (2)	- De 9 a 7 días antes	- Necesaria	- 60 €
Mod. Datas (cambio xornada) (1) (2)	- De 6 a 3 días antes	- Necesaria	- 85 €
Mod. Datas (mesma xornada)	- Máis de 30 días antes - De 29 a 10 días antes	- Non - Necesaria	- 0 € - 0 €
Mod. Datas/Hora (mesma xornada)	- De 9 a 7 días antes	- Necesaria	- 30 €
Mod. Datas/Hora (mesma xornada)	- De 6 a 3 días antes	- Necesaria	- 45 €
Mod. Hora (mesmo día)	- Máis de 30 días antes - De 29 a 5 días antes	- Non - Necesaria	- 0 € - 0 €
Mod. Cancha (Distinto municipio)	- Máis de 30 días antes - De 29 a 10 días antes	- Necesaria - Necesaria	- 0 € - 0 €
Mod. Cancha (Distinto municipio)	- De 9 a 3 días antes	- Necesaria	- 45 €
Mod. Cancha (mesmo municipio)	- Máis de 30 días antes - De 29 a 10 días antes	- Non - Necesaria	- 0 € - 0 €
Mod. Cancha (mesmo municipio)	- De 9 a 3 días antes	- Necesaria	- 30 €
Calquera cambio	- Menos de 3 días (3)	- Necesaria	- 120 €

- (1) Enténdese cambio de xornada cando se cambia de datas e non corresponde ao mesmo fin de semana (venres/sábado/domingo).
- (2) En todo caso a FGVb non aceptará unha segunda modificación de datas que supoña cambio de xornada, se o equipo solicitante ten algún partido pendente de xogar no que xa se modificara a xornada. Os equipos de Superligas e Primeira División Nacional con partidos de Primeira División Sénior, Primeira División Júnior e Primeira División Xuvenil, deberán solicitar os aprazamentos de estes encontros con antelación o inicio das competicións autonómicas, e nunca mais tarde da semana previa o inicio das competicións autonómicas, para que poidan ser resoltas antes de dita semana previa. Esta limitación tampouco aplicará no caso de partidos aprazados como consecuencia do COVID19, se no equipo hai polo menos unha persoa con positivo confirmado ou dúas persoas en corentena. Esta limitación tampouco aplicará no caso de partidos aprazados como consecuencia do peche administrativo da localidade na que ten o domicilio o club.
- (3) Non se admitirán cambios recibidos con posterioridade as 15:00 horas do mércores anterior á xornada.

27.2.- Os partidos que se queiran xogar en día laborable ou en xornadas sen competición deberán ser comunicados, co acordo firmado polas dúas partes, polo menos con 10 días de antelación, para poder ter tempo de dispor de árbitros ou denegar a petición de xogar o encontro de nos habelos.

27.3.- Todos os partidos aprazados deberán ser xogados antes do inicio da última xornada de cada fase.

27.4.- Os partidos da última xornada de cada fase non se poderán aprazar.

27.5.- A data de celebración das Fases Finais non poderán modificarse aínda que coincidan con outras competicións.

28.- PRESENTACIÓN DE RECURSOS OU RECLAMACIÓNS

A presentación de recursos ou reclamacións sobre un encontro por parte dos clubs deberán presentarse nas 72 horas seguintes a finalización do encontro, e mediante o modelo oficial G-12.

29.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

29.1.- A FGVb poderá modificar calquera apartado destas normas ou das normas específicas de cada competición co fin de mellorar tarefas administrativas, de xestión, de calendario ou de desenvolvemento das competicións. Se así fora, farao público e remitirá a información aos clubs afectados.

29.2.- A FGVb terá potestade para interpretar calquera apartado destas normas ou das normas específicas de cada competición que puideran dar lugar a dúbidas regulamentarias de procedemento administrativo ou deportivo.

29.3.- Os clubs locais ou organizadores terán a obriga de facilitar o acceso aos xogadores, membros dos equipos visitantes (máximo 20), oficiais do encontro, persoal e autoridades da FGVb, agás que as condicións de organización ou as normas específicas dunha determinada competición sinalen outras condicións diferentes.

Ademais si o acceso fose mediante entradas de pago ou tivera un sistema de reservas ou similar, o equipo local ou organizador:

- Facilitará 2 entradas ou acreditacións a cada un dos seguintes oficiais do encontro: Delegado Federativo, Primeiro Árbitro, Segundo Árbitro, Xuíz árbitro, Supervisor Arbitral.
- Reservará un mínimo do 15% do aforo do pavillón, para entradas de público que poida solicitar o equipo visitante. Estas entradas deberán ser confirmadas e aboadas polo equipo visitante hasta 72h antes do encontro. En caso contrario quedarán liberadas a disposición do equipo local ou organizador.
- Reservará unha zona sinalada e segura nas gradas da instalación, que sexa suficiente para a ubicación conxunta dos afeccionados que acceden coas entradas de público compradas polo equipo visitante.
- Os mesmos criterios se manterán para encontros de liga regular, eliminatorias, ou Fases Finais, agás que as normas específicas para eses encontros marquen outras condicións diferentes.

29.4.- Naqueles encontros nos que se autorizara polos órganos competentes un cambio de data, de oficio ou por solicitude dos interesados, soamente poderán aliñarse aqueles xogadores, adestradores e auxiliares que tiveran licenza debidamente tramitada na data que debía terse xogado segundo o calendario oficial e que non estiveran sancionados o día inicialmente previsto para a súa celebración.

29.5.- Se a xuízo dos Comités Disciplinarios houbera que continuar ou repetir un encontro xa comezado, so poderán aliñarse validamente na repetición ou continuación os xogadores e auxiliares inscritos na acta do citado encontro, non expulsados ou descualificados durante o tempo xogado de partido, nin sometidos a sanción federativa que o impida.

29.6.-A xestión, os gastos de desprazamento ou outros motivados pola disputa de calquera competición, así como os de aloxamento de todos os integrantes dos equipos serán por conta dos participantes, agás naquelas competicións nas que expresamente se indique o contrario na súa normativa específica.

29.7.- Todos os documentos, formularios, etc. relacionados con solicitudes á RFEVB de tramitación de licenzas e autorizacións federativas para competición superior, inscricións de equipos, organización de fases finais ou calquera outra que requiran o trámite previo de sinatura e selo por parte da federación autonómica deberán tramitarse na FGVb antes de ser remitidos á RFEVB.

29.8.- O correo electrónico será o medio de comunicación preferente empregado entre a FGVb e os seus membros e viceversa. Será obrigatorio para os diferentes compoñentes e estamentos da FGVb facilitar unha conta de correo electrónico para os anteditos fins. Ao facilitar este, os interesados prestan expresamente o consentimento esixido no art. 27.2 da Lei 11/07 de acceso electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos.

No caso das persoas físicas que pertencen á disciplina dun club, e agás faciliten un distinto, entenderase que o seu enderezo electrónico será o do club, polo que serán válidas a todos os efectos as comunicacións feitas a este.

29.9.- Calquera cartel ou publicidade feita por un club en referencia a algunha das competicións propia da FGVb deberán incluír o logo oficial da FGVb.

29.10.- O equipo gañador da fase final de cada categoría terá a praza para representar a Galicia na fase organizada pola RFEVB (Fase de Ascenso a Primeira División Nacional ou Campeonatos de España), correspondente ás categorías sénior, júnior, xuvenil, cadete, infantil, alevín e benxamín. No caso de ter dúas ou mais prazas a segunda das prazas será asignada ao campión da liga regular de Primeira División da categoría. No caso de que este equipo quedara tamén primeiro na fase final a praza será adxudicada ao segundo clasificado da liga regular de Primeira División. O resto de prazas adxudicaránse segundo o orde da fase final.

En caso de renuncias a prioridade terana para a praza adxudicada ao campión da liga regular pola clasificación final da liga regular, para as prazas adxudicadas aos participantes na fase final a prioridade terana os clasificados para a fase final e senón por coeficiente dos participantes nos cruces da Segunda Fase, e por último pola clasificación final da liga regular.

29.11.- Na caso de que por causas de forza maior houbera que suspender as competicións da FGVb seguiranse os seguintes criterios para o remate das mesmas:

- No caso de que a suspensión se produza durante a liga regular, se esta se da despois do final da primeira volta terase en conta a clasificación da primeira volta unicamente para asignar un orde clasificatorio e de asistencias aos Campeonatos de España. Neste caso non se proclamarían campións das diferentes ligas.
- No caso de que a suspensión se produza antes do final da primeira volta se se produce a reanudación das competicións a prioridade será rematar a primeira volta, e a segunda volta sobre a segunda fase e terceiras fases.
- No caso de que non se poidan reanudar as competicións despois de suspendelas antes do final da primeira volta non se designaran campións. Aos efectos de establecer un orde clasificatorio terase en conta a clasificación de cada unha das ligas no momento da suspensión das mesmas.

29.12.- Para calquera aspecto non reflectido nesta normativa, seralle de aplicación a normativa propia da RFEVB.



Competición		Data Tope Inscripción	Comezo	Fin	Tramitación licenzas
TORNEO APERTURA	Todas as categorías	15/09/2025	27/09/2025	12/10/2025	-
COPA FEDERACIÓN	Todas as categorías	15/09/2025	04/10/2025	12/10/2025	-
1ª DIVISION SENIOR	Primeira Fase	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	23/02/2026 (1)
	Campionato Galego	-	18/04/2026	19/04/2026	
	Fase Final Nacional	26/04/2026	21/05/2026	24/05/2026	
2ª DIVISION SENIOR	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	23/02/2026 (1)
3ª DIVISION SENIOR	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	23/02/2026 (1)
4ª DIVISION SENIOR	Liga Regular	03/11/2025	15/11/2025	22/03/2026	23/02/2026 (1)
1ª DIVISION JÚNIOR	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	23/02/2026 (1)
	Campionato Galego	-	11/04/2026	12/04/2026	
	Fase Final Nacional	12/04/2026	06/05/2026	10/05/2026	
2ª DIVISION JÚNIOR	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	23/02/2026 (1)
3ª DIVISION JÚNIOR	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	23/02/2026 (1)
4ª DIVISION JUNIOR	Liga Regular	03/11/2025	15/11/2025	22/03/2026	23/02/2026 (1)



Competición		Data Tope Inscripción	Comezo	Fin	Tramitación licenzas
1ª DIVISION XUVENIL	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	23/02/2026 (1)
	Campionato Galego	-	28/03/2026	29/03/2026	
	Fase Final Nacional	29/03/2026	29/04/2026	03/05/2026	
2ª DIVISION XUVENIL	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	23/02/2026 (1)
3ª DIVISION XUVENIL	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	23/02/2026 (1)
4ª DIVISION XUVENIL	Liga Regular	03/11/2025	15/11/2025	22/03/2026	23/02/2026 (1)
1ª DIVISION CADETE	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	09/03/2026 (1)
	Campionato Galego	-	18/04/2026	19/04/2026	
	Fase Final Nacional	26/04/2026	21/05/2026	24/05/2026	
2ª DIVISION CADETE	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	09/03/2026 (1)
3ª DIVISION CADETE	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	09/03/2026 (1)
4ª DIVISION CADETE	Liga Regular	03/11/2025	15/11/2025	22/03/2026	09/03/2026 (1)



Competición		Data Tope Inscripción	Comezo	Fin	Tramitación licenzas
1ª DIVISION INFANTIL	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	09/03/2026 (1)
	Campionato Galego	-	11/04/2026	12/04/2026	
	Fase Final Nacional	03/05/2026	27/05/2026	31/05/2026	
2ª DIVISION INFANTIL	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	09/03/2026 (1)
3ª DIVISION INFANTIL	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	09/03/2026 (1)
4ª DIVISION INFANTIL	Liga Regular	03/11/2025	15/11/2025	22/03/2026	09/03/2026 (1)
1ª DIVISION ALEVÍN	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	20/04/2026 (1)
	Campionato Galego	-	25/04/2026	26/04/2026	
	Fase Final Nacional	17/05/2026	pdte.	pdte.	
2ª DIVISION ALEVÍN	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	20/04/2026 (1)
3ª DIVISION ALEVÍN	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	20/04/2026 (1)
4ª DIVISION ALEVIN	Liga Regular	03/11/2025	15/11/2025	22/03/2026	30/05/2026 (1)
1ª DIVISIÓ BENXAMÍN	Fase zonal	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	20/04/2026 (1)
	Campionato Galego	-	25/04/2026	26/04/2026	
	Campionato de España	17/05/2026	pdte.	pdte.	
2ª DIVISION BENXAMÍN	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	20/04/2026 (1)
3ª DIVISION BENXAMIN	Liga Regular	13/10/2025	25/10/2025	22/03/2026	20/04/2026 (1)
4ª DIVISION BENXAMIN	Liga Regular	03/11/2025	15/11/2025	22/03/2026	30/05/2026 (1)



PREBENXAMIN	Campionato Galego	21/04/2026	25/04/2026	26/04/2026	30/05/2026 (1)
-------------	-------------------	------------	------------	------------	-------------------

- (1) A data tope para o cambio de xogadores entre equipos do mesmo ou diferente club será a data tope de tramitación de licenzas do novo equipo polo que queiran tramitar a licenza.
- (2) A FGVb é a responsable de inscribir aos equipos que a representen nas Fases Nacionais. A data aquí mostrada é a data límite de entrada da documentación na FGVb. No caso de non cumprir con este prazo o equipo perderá o dereito adquirido, o cal pasará ao seguinte equipo da clasificación. No caso de que o Campionato Galego da categoría se celebre en data posterior á de inscrición no Campeonato de España, os equipos que queiran participar deberán inscribirse e ingresar a cota do Campeonato de España na FGVb antes de dita data límite.
- (3) Os equipos organizadores da Fase Final deberán formalizar igualmente a súa inscrición na data indicada e pagar as taxas correspondentes.
- (4) Establécese como data tope de tramitación de licenzas de adestradores e auxiliares para as Fases Finais Nacionais de 1ª División Autonómica Sénior e Campeonato de España Xuvenil, Júnior, Cadete, Infantil, Alevín e Benxamín o que determine a normativa da RFEVB o respecto.

NOTAS IMPORTANTES:

- As datas aquí recollidas poderán sufrir modificacións por cambios acordados nas Normas de cada competición polos órganos de goberno da FGVb, polo número de equipos definitivamente inscritos en cada competición ou por cambios acordados pola RFEVB ou pola Secretaría Xeral para o Deporte que afecten ás competicións da FGVb.
- En caso de discrepancia entre as datas sinaladas neste cadro resumo e as que se recollen nas Normas Específicas, serán válidas as establecidas nestas últimas.